Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Polafía na Guarda

DE COSTA A COSTA: HISTORIAS DO MAR QUE AMAMOS.

COA PARTICIPACIÓN DE: **Carmen Baz**, redeira | **Xurxo Chirro**, Aproximacións modernas ao patrimonio | **Xosé Lois Vilar**, Talasonimia, os nomes do mar en Galicia e Portugal | **Praxíteles González Martínez**, Cavaqueiro do Rosal | **José Benito Rodríguez González**, □Tito Chirro□ (mariñeiro) | **Xerardo Santomé** e **Camilo**, Treboada de Tomiño | **Maria Aurora Botao Pereira**, O nascimento da pesca en V.P. de Âncora e o contributo de A Guarda | MÚSICA: **Tino Baz** e **Grupo de Pandereteiras Xamaraina** | RIMAS POPULARES: lidas por **Isidro Novo** | PRESENTA: **Jose Font**, director de Radio Tui.

Coa colaboración da asociación Cultural e Pedagóxica ...PONTE NAS ONDAS! e do concello da Guarda.
Patrocina: Consellería de Cultura, Xunta de Galicia

CENTRO CULTURAL DA GUARDA.RÚA ROSALÍA DE CASTRO, 14
Venres, 16 de Novembro, ás 20:00 horas. ENTRADA LIBRE
Enlace vídeos desta POLAFÍA.

Que son as polafías? Unha aposta da AELG a prol da literatura galega de tradición oral

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, e que conta coa colaboración de diversas asociacións e co patrocinio de institucións públicas.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituírano os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías teñen unha duración aproximada de 90 minutos.

Enlace vídeos do proxectos POLAFÍAS.



Cartel_Polafia_na_Guarda.jpg